

## SR. VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO

### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Santiago de Compostela

#### **ASUNTO: RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN E PLAN DE RESTAURACIÓN DA CONCESIÓN DE EXPLOTACIÓN DE RECURSOS DA SECCIÓN C) “AMPLIACIÓN A SAN ACISCLO” Nº 4076, NO TERMO MUNICIPAL DE MURAS (LUGO)**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

#### **EXPÓN:**

Á vista do Resolución de autorización da actualización do proxecto de explotación e plan de restauración da concesión de explotación de recursos da sección c) “ampliación a SAN ACISCLO” Nº 4076, no termo municipal de Muras (Lugo), por medio do presente escrito presenta RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN por infracción normativa e nulidade de pleno Dereito ao abeiro dos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro e en base ás seguintes **CONSIDERACIÓNS:**

**PRIMEIRA.** - Examinadas as coordenadas da C.E. “AMPLIACIÓN A SAN ACISCLO” e que figuran na Resolución de autorización da actualización do proxecto de explotación e plan de restauración da concesión de explotación de recursos da sección c) “ampliación a SAN ACISCLO” Nº 4076, no termo municipal de Muras (Lugo), vemos que a explotación mineira a ceo aberto prevé a súa localización sobre:

- 1.- Zonas protexidas de Augas Potables que se solapan coa Rede Natura 2000.
- 2.- Masas soterradas de auga que se solapan coa Rede Natura 2000.
- 3.- A explotación mineira a ceo aberto localizárase a escasos metros da Rede Natura 2000 ZEC e ZEPVN “Serra do Xistral”
- 4.- Severa afección aos recursos hídricos e ao val fluvial do Río Landro que se solapa coa Rede Natura 2000 “Serra do Xistral” e con afección crítica á conectividade ecolóxica.
- 5.- Con afección severa a especies de fauna e flora catolagadas como vulnerables e en perigo de extinción.
- 6.- O proxecto afecta de forma severa á Reserva da Biosfera “Terras do Miño”.

O proxecto de explotación e o plan de restauración da explotación de recursos mineiros da sección C) de ampliación a San Acisclo número 4076 fica a menos de 500 metros do cauce do río Landro ao seu paso por Cabanas (Muras), a 318 metros do rego de Coraxus, que nace na Serra do Xistral e tributa no río Landró e a escasos 500 metros do rego de Silán tributario tamén deste.

#### **Serra do Xistral**

A serra do Xistral forma o núcleo do serras setentrionais de Galiza que separa a Terra Chá do mar, do que irradian os serra da Toxiza cara ao leste, a Carba cara ao poñente, e montes de Buio e dos Cabaleiros, na caída do macizo cara ao litoral. Este conxunto montañoso esténdese polos concellos das Pontes de García Rodríguez, Abadín, Alfoz, Mondoñedo, Muras, Ourense, O Valadouro, Vilalba, Xermade, Xove, Viveiro e Cervo.

É un espazo natural declarado como zona especial de conservación (ZEC). É a zona de frecuente néboa e ventos e menos horas de irradiación solar. As néboas que percorren as chairas elevadas da serra deixan abondosas precipitacións, e enchoupan e favorecen as súas extensas turbeiras e pasteiros.

En canto á flora prosperan especies endémicas, como o buño, a *Drossera intermedia* e diversas especies de musgos de *Sphagnum* e uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas, como *Erica mackaiana*, *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*, uceiras secas europeas e uceiras ortomediterráneas endémicas con toxo (*Ulex* sp.).

Destaca a presenza de augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas (*Litorelletalia uniflorae*), lagoas eutróficas naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*, lagoas e estanques distróficos naturais, ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-batrachion*, formacións herbosas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas de Europa continental), turbeiras de cobertor, depresións sobre substratos turbosos de *Rhynchosporion*, bosques aluviais de amieiros, freixos de río, *Alno-padion*, *Alnion incanae* e salgueiros, xunto con bosques de acivros.


Entre a fauna destacan especies infrecuentes como dúas especies de bolboretas do xénero *Erebia* (para as que se describiron subespecies endémicas do Xistral), o neverón (*Chyonomis nivalis*) ou a lagarta das brañas (*Zootoca vivipara*, antes *Lacerta vivipara*), que ten nesta serra unha das poucas localidades de presenza en Galiza e que conforman o seu límite occidental de distribución mundial.

Posúe unha interesante herpetofauna, con poboacións de saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) ou lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*), ademais da xa citada lagarta das brañas. Constitúe, así mesmo, unha fronteira natural entre dúas subespecies de sacabeiras, a *Salamandra salamandra gallaica* e a *S.s.bernardezi*, que podemos atopar na serra nas súas formas típicas e híbridas.

Entre as aves, vense especies propias de zonas abertas como a curuxa das xunqueiras (*Asio flammeus*), as rapinas ou tartarañas (*Circus* ssp.) ou de zonas húmidas, como a arcea (*Gallinago gallinago*). Outras especies destacábeis son o úbalo (*Carduelis spinus*), o picanzo vermello (*Lanius collurio*), o picanzo real (*Lanius excubitor*) e a papuxa montesa (*Sylvia undata*). Atópanse tamén carnívoros como o lobo (*Canis lupus*), o gato bravo (*Felis sylvestris*), a xeneta (*Genetta genetta*), a donicela (*Mustela nivalis*) ou o furón (*Mustela putorius*).

A Serra do Xistral, coa ribeira alta do río Sor, é unha zona declarada como zona especial de conservación (ZEC) dentro da Rede Natura 2000. Forma parte ademais da Reserva da Biosfera "Terras do Miño".

## 1.- O proxecto de mina a ceo aberto ubícase sobre ZONAS PROTEXIDAS DE AUGAS POTABLES ORTEGAL - A MARIÑA QUE SE SOLAPAN COA REDE NATURA 2000 "SERRA DO XISTRAL"



**Cód.  
Temático**


**ES014MSBT014-015**

Esquema  
temático

euProtectedAreaCode


Nombre	Ortegal - A Mariña
Fecha de designación	14/09/2012
Tipo de zona	drinkingWaterProtectionArea
Nombre base legal	Directive 2000/60/EC of the European Parliament
Link base legal	<a href="#">Ver link base legal</a>
Ámbito base legal	european
Superficie (km2)	1.167,2386

**2.- O proxecto de mina a ceo aberto ubícase sobre MASAS DE AUGAS SOTERRADAS ORTEGAL – A MARIÑA QUE SE SOLAPAN COA REDE NATURA 2000 “SERRA DO XISTRAL”**




<b>Cód. Masa de agua</b>	<b>ES014MSBT014-015</b>
Nombre masa de agua	Ortegal - A Mariña
Superficie (km2)	1.167,2386
Cód. Demarcación Hidrográfica	ES014
Demarcación Hidrográfica	GALICIA-COSTA

### 3.- O PROXECTO DA MINA A CEO ABERTO LOCALÍZASE A ESCASOS METROS DA REDE NATURA 2000 ZEC E ZEPVN “SERRA DO XISTRAL”. AFECCIÓN SEVERA Á NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA 2000




Código del espacio	ES110003
Nombre del espacio	Serra do Xistral
Figura de protección	Zona de Especial Protección de los Valores Naturales
Superficie oficial (ha)	23.033,75
Año de declaración	2004
Administración competente	Galicia



**4.- AFECCIÓN SEVERA Á REDE HIDROGRÁFICA: AFECCIÓN AOS RECURSOS HÍDRICOS E AO VAL FLUVIAL DO RÍO LANDRO QUE SE SOLAPA COA REDE NATURA 2000 “SERRA DO XISTRAL” E CON AFECCIÓN CRÍTICA Á CONECTIVIDADE ECOLÓXICA.**

As masas de auga que a seguir se indican e que se reflicten nas imaxes, seguindo as coordenadas da explotación mineira, solápanse coa Rede Natura 2000 “Serra do Xistral”.

- I. VAL FLUVIAL DO RÍO LANDRO E RÍO LANDRO
- II. VAL FLUVIAL DO RÍO XESTOSA OU XANCEDA E RÍO XESTOSA OU XANCEDA
- III. REGO DE PONTE CURUXAS



**Id. Hidrográfico 1.151**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>

Nombre Río Landro

Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-02-01

**Id. Hidrográfico 1.149**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>

Nombre Río Landro


Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-02-01

**Id. Hidrográfico 1.150**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>

Nombre Río Landro

Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-02-01




**Id. Hidrográfico 1.153**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
Nombre Río Landro  
Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-02-01


**Id. Hidrográfico 1.159**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
Nombre Río Xestosa Ou Xanceda  
Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-003-01-00



**Id. Hidrográfico 1.150**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
Nombre Río Landro  
Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-02-01




**Id. Hidrográfico 1.150**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>

Nombre Río Landro

Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-02-01




**Id. Hidrográfico 1.163**



Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>

Nombre Rego De Ponte Coruxas

Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-006-01-00




**Id. Hidrográfico 1.146**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>

Nombre Río Landro

Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-01-00



**Id. Hidrográfico 1.161**


Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
 Nombre Rego De Ponte Coruxas  
 Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-006-01-00

**Id. Hidrográfico 1.162**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
 Nombre Rego De Ponte Coruxas  
 Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-006-01-00

**Id. Hidrográfico 1.163**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
 Nombre Rego De Ponte Coruxas  
 Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-006-01-00



**Id. Hidrográfico 1.146**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
 Nombre Río Landro  
 Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-01-00


**Id. Hidrográfico 1.147**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
 Nombre Río Landro  
 Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-01-00

**Id. Hidrográfico 1.148**

Namespace <http://augas.cmati.xunta.es>  
 Nombre Río Landro  
 Cód. Masa de agua ES014MSPFES-014-NR-038-000-01-00

## 5.- AFECCIÓN SEVERA A ESPECIES DE FAUNA E FLORA CATOLAGADAS COMO VULNERABLES E EN PERIGO DE EXTINCIÓN.



Código de la especie      1191  
 Proyección                      ETRS89/ETRS-LAEA  
 Código de la Cuadrícula      10kmE290N243  
 Nombre de la especie        Alytes obstetricans

Código de la especie      1172  
 Proyección                      ETRS89/ETRS-LAEA  
 Código de la Cuadrícula      10kmE290N243  
 Nombre de la especie        Chioglossa lusitanica

Código de la especie      1283  
 Proyección                      ETRS89/ETRS-LAEA  
 Código de la Cuadrícula      10kmE290N243  
 Nombre de la especie        Coronella austriaca

Código de la especie      1420  
 Proyección                      ETRS89/ETRS-LAEA  
 Código de la Cuadrícula      10kmE290N243

Nombre de la especie Culcita macrocarpa

Código de la especie 1194

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE290N243

Nombre de la especie Discoglossus galganoi

Código de la especie 6284

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE290N243

Nombre de la especie Epidalea calamita

Código de la especie 6929

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE290N243

Nombre de la especie Hyla molleri

Código de la especie 5371

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE290N243

Nombre de la especie Iberolacerta monticola

Código de la especie 1259

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE290N243

Nombre de la especie Lacerta schreiberi

Código de la especie 1083

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE290N243

Nombre de la especie Lucanus cervus

Código de la especie 1355  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Lutra lutra

Código de la especie 1413  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Lycopodium spp.

Código de la especie 1358  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Mustela putorius

Código de la especie 1865  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Narcissus asturiensis

Código de la especie 1864  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Narcissus  
bulbocodium

Código de la especie 6945  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Pelophylax perezi

Código de la especie 5296  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Pseudochondrostoma duriense

Código de la especie 1216  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Rana iberica

Código de la especie 1213  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE290N243  
Nombre de la especie Rana temporaria

Código de la especie 1305  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE291N243  
Nombre de la especie Rhinolophus euryale

Código de la especie 1304  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE291N243  
Nombre de la especie Rhinolophus ferrumequinum

Código de la especie 1303  
Proyección ETRS89/ETRS-LAEA  
Código de la Cuadrícula 10kmE291N243

Nombre de la especie	Rhinolophus hipposideros
Código de la especie	1849
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE291N243
Nombre de la especie	Ruscus aculeatus
Código de la especie	6985
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE290N244
Nombre de la especie	Vandenboschia speciosa
Código de la especie	1409
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE290N244
Nombre de la especie	Sphagnum spp.
Código de la especie	1426
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE290N244
Nombre de la especie	Woodwardia radicans
Código de la especie	1297
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE290N244
Nombre de la especie	Vipera seoanei
Código de la especie	1398
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE290N243



Nombre de la especie      Sphagnum pylaesii

Destacan as especies higrófilas como:

- 1) Rumex rupestris 7723 Higrófilo. Comunidades fontinales
- 2) Sphagnum pylaesii Briófito Higrófilo. Zonas turbosas
- 3) Woodwardia radicans 9455 Higrófilo. Bosques higrófilos
- 4) Sphagnum spp. Turfófitos De interés especial
- 5) Vandenboschia speciosa (=Trichomanes speciosum) 9258 Higrófilo. Bosques higrófilos Listado

Os hidrófitos e helófitos son plantas que dependen totalmente dos hábitats acuáticos, xa que tanto a súa anatomía, como a súa fisioloxía e demais procesos vitais están adaptados ás condicións que impón este medio. Pola súa banda, os higrófitos habitan en terreos moi húmidos ou cubertos de auga, tanto de maneira permanente como temporal.

Dentro dos higrófitos, estarían as especies turfófitas, asociadas aos hábitats de turbeira. Son plantas que ocupan diversos tipos de ambientes, cun denominador común que é a presenza de auga: os ambientes máis representados son os cursos de auga e humidais temporais non salinos, seguidos dos prados húmidos, os bosques higrófilos e os hábitats turbosos.

A execución da explotación mineira eliminaría e afectaría de forma irreversible a estes hábitats afectando á necesaria permeabilidade dos ecosistemas, á conectividade ecolóxica e á necesaria coherencia da RN 2000.

#### **A Necesaria Coherencia da REDE NATURA 2000**

O obxectivo das redes de áreas naturais protexidas de non debe ser tan só preservar especies raras ou ameazadas, ou mostras representativas ou singulares de ecosistemas pouco alterados, senón preservar a integridade ecolóxica dos ecosistemas, o que supón garantir que a súa composición de especies, a súa estrutura ecolóxica e as súas funcións non se vexan alteradas significativamente como consecuencia das actividades humanas e asegurar que os procesos ecolóxicos dos que depende mantéñanse en condicións naturais.

Unha rede ecolóxica é un sistema coherente de elementos naturais ou semi-naturais, establecido e xestionado co obxectivo de manter ou restaurar as funcións ecolóxicas como medio para conservar a biodiversidade. Para iso, é esencial manter tamén a conectividade ecolóxica entre os espazos que compoñen a rede

No ámbito nacional, o artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece que co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as comunidades autónomas, no marco das súas políticas ambientais e de ordenación territorial, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

A Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia no artigo 87.1 desta lei, manifesta o seguinte:

*“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”*

Segundo o DECRETO 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia (DOG Núm. 62, de 31

de marzo de 2014), no seu artigo 13 defínense os obxectivos e as prioridades dos espazos de zonas húmidas e corredores fluviais:

- 1) ES1120015 Serra do Xistral.
- 2) ES1120012 Río Landro.

☞ **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:**

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse no NW Ibérico (montañosos, fluviais, litorais e mariños), son os corredores fluviais os que de forma máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes (terrestres, semiterrestres, acuáticos), servindo ademais de conexión efectiva entre os corredores montanos e as zonas núcleo de biodiversidade, coas establecidas no espazo litoral e mariño.

O concepto de corredor fluvial vai aparelado ao propio concepto de río, que representa moito máis que unha simple masa de auga que circula por un leito. O corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal asociada.


Os corredores fluviais, ademais do seu valor ecolóxico intrínseco, cumpren dúas funcións fundamentais, como conectores ecolóxicos e como reguladores hidrolóxicos.

Respecto ao valor ecolóxico, os corredores fluviais albergan ecosistemas asociados ao río tanto acuáticos como terrestres e de interface entre ambos, configurando un espazo de elevada biodiversidade que funciona como refuxio para moitas especies vinculadas ao ámbito fluvial. Este valor ecolóxico singular vese incrementado pola función fundamental de conectores ecolóxicos entre ecosistemas acuáticos e terrestres e entre zonas de alto valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse moi fragmentados os ecosistemas terrestres por infraestruturas e diversos usos do chan. Neste contexto, os corredores fluviais representan os conectores máis válidos, ou polo menos os máis funcionais, para interconectar poboacións de seres vivos que doutra maneira quedarían illadas.

Finalmente, no seu papel de reguladores hidrolóxicos actúan como laminadores do caudal e das cargas de sedimento que arrastra o río en períodos de crecida, disipando parte da súa enerxía, reducindo os danos asociados

e recargando os acuíferos. Desta maneira, o río transporta tanto sedimentos ata as praias como nutrientes aos estuarios e augas costeiras, cos consecuentes beneficios ecolóxicos e económicos asociados.

## 6.- O PROXECTO AFECTA DE FORMA SEVERA Á RESERVA DA BIOSFERA “TERRAS DO MIÑO”.



### *Afección severa á Reserva da Biosfera “Terras do Miño”*

As reservas da biosfera son espazos singulares recoñecidos pola Unesco como áreas de referencia onde exemplificar un novo modelo de relación entre o ser humano e a natureza, compatibilizando a conservación da diversidade biolóxica e cultural co desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. Estes espazos establécense sobre zonas ecoloxicamente representativas ou de valor único en ambientes terrestres, costeiros e mariños, nas cales a relación harmoniosa da poboación humana e a conservación do medio natural é esencial.

As reservas da biosfera son tamén lugares de experimentación e de estudo de modelos de desenvolvemento sustentable en que deben cumprirse tres funcións básicas:

1. Conservación da biodiversidade e dos ecosistemas que a conteñen.
2. Desenvolvemento das poboacións locais.
3. Unha función loxística de apoio á investigación, á formación e á comunicación.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, no seu artigo 50 inclúe, dentro das áreas protexidas por instrumentos internacionais, as reservas da biosfera declaradas pola Unesco. Esta lei establece que o seu réxime de protección será o establecido nos correspondentes convenios e acordos internacionais, sen prexuízo da vixencia de réximes de protección, ordenación e xestión específicos cuxo ámbito territorial coincida total ou parcialmente coas devanditas áreas, sempre que se adecúen ao previsto nos anteditos instrumentos internacionais.

De maneira máis específica, no capítulo I do título IV da lei (artigos 68 a 69) regúlase a Rede española de reservas da biosfera como un subconxunto definido e recoñecible da Rede mundial de reservas da biosfera. No seu artigo 70 establécense as características que deben ter as reservas da biosfera para a súa integración e mantemento como

tales. Esta rede constitúe un modelo de xestión integrada, participativa e sustentable do patrimonio e dos recursos naturais, cos obxectivos básicos de conxugar a preservación da biodiversidade biolóxica e dos ecosistemas.

No caso concreto da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, regula, no capítulo VI do título II, as áreas protexidas por instrumentos internacionais, entre as que se atopan as reservas da biosfera. Así, no ámbito desta lei e mediante o Decreto 95/2017, do 21 de setembro, créase a Rede de reservas da biosfera de Galicia, para facilitar a consecución dos fins destas reservas por considerar que para o logro dos seus obxectivos é primordial o intercambio de experiencias e coñecementos.

Forman parte desta rede as sete reservas da biosfera que teñen o seu territorio (total ou parcialmente) na Comunidade Autónoma de Galicia:

### 1. Reserva da biosfera Terras do Miño (Lugo).


## **SEGUNDA. - AFECCIÓN SEVERA AS BRIÓFITAS E A AFLORAMENTOS ROCHOSOS.**

O proxecto mineiro prevese desenvolver nunha área xeográfica na que destacan os afloramentos rochosos e especies de mofos e hepáticas, polo que a afección as briófitas é irreversible.

As briófitas desempeñan un rol imprescindible nos ecosistemas debido a que:

Modulan a humidade ambiental, absorbendo o exceso de auga das choivas e liberándoa lentamente cando o ambiente faise máis seco. Regulan o leito dos ríos, almacenan gran cantidade de auga. Frecan a erosión, protexendo o chan de inundacións violentas e entregando auga constante aos ríos e arrosos durante os meses máis secos. Ademais son as primeiras plantas en crecer sobre os chans tras os incendios. Interceptan, absorben e reteñen os minerais. Disoltos en augas de choivas, permiten a incorporación destes no ecosistema e diminúen o seu lavado cara aos ríos e mares. Facilitan fogar e protección a numerosos animais, especialmente invertebrados como insectos, arácnidos, rotíferos, nemátodos, moluscos e anélidos. Á súa vez, serven de material de construción de niños para varias aves e pequenos mamíferos. Favorecen a xerminación de sementes. Son capaces de achegar a humidade suficiente para o seu desenvolvemento. Permiten o asentamento de plantas. A materia vexetal creada polo crecemento continuo de capas de musgos e hepáticas sobre as rochas e a cortiza de árbores, facilita o asentamento e crecemento de distintos tipos de plantas vasculares. Fixan o carbono atmosférico e liberan osíxeno.


Non se avalía a importante comunidade de briófitas afectadas polo proxecto mineiro e o seu desenvolvemento prevé a eliminación permanente destes elementos.




### ***Vértice 1 da Fronte Kaspar sobre afloramentos rochosos e turbeiras***

- **AFECCIÓN SEVERA A VEXETACIÓN AUTÓCTONA E A HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO**

Lémbrese a obriga legal de manter os hábitats de interese comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou a súa eliminación, a raíz da explotación mineira a ceo aberto.



***Detalle do Vértice do Fronte Foster con afección a vexetación autónoma, a un cauce e próxima a vivendas***



***Detalle do Vértice 1 do Fronte Foster con afección a Zonas protexidas de augas potables Cód. Temático ES014MSBT014-015, Ortegal - A Mariña***




**Detalle do Vértice do Fronte Foster con afección á Distribución de Brezais húmedos atlánticos Código hábitat prioritario 4020**

Provincia	Comunidad Autónoma	Código hábitat	Naturalidad	Porcentaje hábitat	Alianza	Especies alianza	Nombre fitosociológico	Nombre genérico	Código UE hábitat	Prioritario	Definición
Lugo	Galicia	302023	3	38	Daboecia cantabricae (Dupont ex Rivero-Martínez 1979) Rivas-Martínez, Fernández-González & Loidi 1999	Richemilla angustiornerita, Carex adunca, Centaureum scabroide, Crisium filipendulium, Daboecia cantabrica, Erica ciliaris, Erica mackenziana, Festuca ovina subsp. hirtula, Festuca periculata subsp. longigarris, Lasarpitium prutenicum subsp. douglasianum,	Brezal-tojal meso-higrófilo atlántico y galico-asturiano septentrional	Brezal-tojales	4020	*	Brezais húmedos atlánticos de zona templada de Erica ciliaris y Erica tetralix



**Detalle do Vértice do Fronte Foster con afección a Brezais secos europeos Código hábitat 4030**



***Detalle do Vértice 5 da Fronte Penalonga con afección a Brezais secos europeos Código hábitat 4030***

### **TERCEIRA. - AFECCIÓN SEVERA E IRREVERSIBLE A ESPECIES CATALOGADAS**

#### **🚩 AFECCIÓN SEVERA A ESPECIES FLORÍSTICAS AMEAZADAS E EN PERIGO DE EXTINCIÓN**

Woodwardia radicans que debera catalogarse En Perigo de Extinción atendiendo aos criterios da UICN (CR-D1), Narcissus asturiensis, Narcissus bulbocodium, Sphagnum pylaisii,..

#### **🚩 AFECCIÓN SEVERA A AVIFAUNA CATALOGADA E EN PERIGO DE EXTINCIÓN**

4 especies catalogadas como “Vulnerable”: 1 anfibio (Chioglossa lusitanica), 2 mamíferos (Rhinolophus ferrumequinum e Rhinolophus hipposideros) e 1 ave (Streptopelia turtur).

Especies de interés comunitario que requiren protección estricta:

- Discoglossus galganoi
- Chioglossa lusitánica
- Lacerta schreiberi
- Canis lupus
- Lutra lutra

Especies estrictamente protexidas:

- Bufo calamita
- Alytes obstetricans
- Hyla arborea
- Rana ibérica
- Triturus marmoratus
- Coronella austriaca
- Felis silvestris

Especies que deben ser obxecto de medidas especiais de conservación do hábitat:

- Chondrostoma arcasii
- Chondrostoma duriense

- *Petromyzon marinus*
- *Rhinolophus ferrumequinum*
- *Rhinolophus hipposideros*

Outras especies de interés comunitario:

- *Rana perezi*
- *Rana temporaria*
- *Martes martes*
- *Mustela putorius*
- *Genetta genetta*
- *Lullula arborea*
- *Caprimulgus europaeus*
- *Falco peregrinus*
- *Lanius collurio*
- *Sylvia undata*

**Con respecto ás especies en perigo de extinción cómpre ter en conta que a:**

☞ **Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece:**

**Artigo 91. Catálogo galego de especies ameazadas.**

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia inclúese o Catálogo galego de especies ameazadas, que se configura como unha sección da devandito listaxe. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.

2. O Catálogo galego de especies ameazadas incluírá, cando exista información técnica ou científica que así o aconselle, as especies, subespecies ou poboacións de competencia autonómica conforme ao previsto no artigo 4 que, achándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. Estas especies ameazadas clasificaranse nalgunha das categorías seguintes:

**a) En perigo de extinción.**

Incluiranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable se persisten os factores causantes da súa actual situación.

Dentro desta categoría procede declarar unha especie en situación crítica cando do seguimento ou avaliación do seu estado de conservación resultase que existe un risco inminente de extinción.

**b) Vulnerable.**

Incluiranse nesta categoría aqueles taxones ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre eles non son corrixidos.

3. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación de competencia autonómica, conforme ao previsto no artigo 4, no Catálogo español de especies ameazadas ao que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, conlevará a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou na categoría superior á que tivesen no primeiro.



4. Decláranse de utilidade pública e interese social, para os efectos do previsto na lexislación sobre expropiación forzosa, as obras necesarias para a conservación das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, especialmente as que teñan carácter de emerxencia e urxencia, segundo os casos.

#### **Artigo 95. Efectos da inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas.**

1. Ademais dos efectos previstos no artigo 93, a inclusión dunha especie, subespecie ou poboación no Catálogo galego de especies ameazadas terá os efectos seguintes:

a) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «en perigo de extinción» conlevará, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, **o cal incluirá as medidas máis adecuadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.**

b) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de «vulnerable» conlevará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación, **o cal incluirá as medidas máis adecuadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.**

2. Os plans de recuperación e conservación fixarán medidas de conservación e instrumentos de xestión, específicos ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies.

3. Para aquelas especies, subespecies ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación, hábitats ou ámbitos xeográficos similares poderán elaborarse plans que comprendan varias especies, subespecies ou poboacións simultaneamente, denominándose en leste caso plans integrais.

4. Os plans de recuperación ou conservación ou os plans integrais das especies, subespecies ou poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción nalgún dos espazos naturais protexidos incluídos na Rede galega de espazos protexidos ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais poderán integrarse nos seus correspondentes instrumentos de planificación.

**5. A realización ou execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable a especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente poderase levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde.** A xustificación do plan, programa ou proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levará a cabo conforme ao previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

Os impactos sobre os hábitats prevense irreversibles e con afección severa sobre a Rede Natura 2000.

#### **CUARTA. - A PREVALENCIA DA PROTECCIÓN AMBIENTAL DA LEI 42/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE**

*“Artigo 2. Principios.*

*Son principios que inspiran esta lei:*

*a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.*

*b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.*

*c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.*

*d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).*

*f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.*

*g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.*

#### **QUINTA. - A NECESIDA DA AVALIACIÓN AMBIENTAL ORDINARIA**

Preséntase o proxecto como unha actualización do proxecto de explotación xa iniciado. Sen embargo, esta suposta actualización abrangue novos frontes de explotación non comprendidos no expediente administrativo inicialmente autorizado, polo que deba someterse no seu conxunto á avaliación ambiental ordinaria, tendo en conta ademais do incremento da superficie da explotación mineira inicial o incremento considerable do material das entulleiras e dos residuos e o incremento da afección sobre os recursos hídricos, a Zona Protexida de Augas Potables, á necesaria coherencia da Rede Natura 2000, á necesaria conectividade ecolóxica e o incremento do impacto paisaxístico xerado.

Por outra banda, non queda acreditada a vixencia dos dereitos mineiros. A mercantil promotora deba presentar un novo proxecto de explotación, acreditar a existencia de recurso e someterse a unha Declaración de Impacto Ambiental ordinaria.

En virtude do anterior,

#### **SOLICITA:**

1.- Teña por presentado RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra a Resolución de autorización da actualización do proxecto de explotación e plan de restauración da concesión de explotación de recursos da sección c) “Ampliación a San Acisclo” nº 4076, no termo municipal de Muras (Lugo), por infracción normativa e nulidade de pleno Dereito ao abeiro dos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Anúlese por tanto a Resolución de autorización obxecto do presente recurso.

2.- A adopción da medida cautelar urxente consiste na suspensión da eficacia da Resolución de autorización da actualización do proxecto de explotación e plan de restauración da concesión de explotación de recursos da sección c) “Ampliación a San Acisclo” nº 4076, no termo municipal de Muras (Lugo), xa que á vista do procedemento administrativo e da documentación que obra no mesmo non se garante a non afección á necesaria coherencia da Rede Natura 2000, non se garante a necesaria conectividade ecolóxica entre os espazos de alto valor natural e as zonas protexidas de augas potables e tampouco se garante a non afección a especies de flora e fauna catalogadas como vulnerables e en perigo de extinción. O proxecto afecta de forma irreversible a especies chave como *Sphagnum pylaisii* (*Sphagnum pylaisii*), substrato vexetal que axuda ao mantemento estrutural doutro tipo de vexetación, entre a que figuran moitas especies de carácter higrófilo; ademais, este substrato muscinal proporciona un reservorio de humidade en épocas máis secas. Ademais das afeccións xa descritas no corpo deste recurso como a afección severa a Zonas Protexidas de Augas Potables e masas de augas soterradas que se solapan coa Rede Natura 2000 “Serra do Xistral”. Preséntase o proxecto como unha actualización do proxecto de explotación xa iniciado. Sen embargo, esta suposta actualización abrangue novos frontes de explotación non comprendidos no expediente administrativo inicialmente autorizado, polo que deba someterse no seu conxunto á avaliación ambiental ordinaria, tendo en conta ademais do incremento da superficie da explotación mineira inicial o incremento considerable do material das entulleiras e dos residuos producidos e o incremento da afección sobre os recursos hídricos, a Zona Protexida de Augas Potables, á necesaria coherencia da Rede Natura 2000, á necesaria conectividade ecolóxica e o incremento do impacto paisaxístico xerado.

Tal e como se indica no corpo deste escrito existe unha afección severa a vexetación autóctona e a hábitats prioritarios e de interés comunitario. Lémbrese a obriga legal de manter os hábitats de interese comunitario nun

estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou a súa eliminación, a raíz da explotación mineira a ceo aberto.

Por outra banda, non queda acreditada a vixencia dos dereitos mineiros. A mercantil promotora debera presentar un novo proxecto de explotación, acreditar a existencia de recurso e someterse a unha Declaración de Impacto Ambiental ordinaria.

3.- Cómpre ter en conta, que segundo o proxecto, a promotora prevé canles de conducción das augas e un sistema de balsas en ferverza para cada fronte de explotación, co cal proxéctase un sistema de balsas por cada fronte de explotación, constituídos cada un deles por tres balsas de decantación contiguas dispostas en ferverza, que se localizarán nas partes máis baixas das diferentes fronteas de explotación mineira.

En resumo o Monte de Escoiras tería un total de 12 balsas de decantación e a posible rotura dunha delas tería consecuencias nefastas para os núcleos próximos e os ríos, incluído o río Landrón.

Cómpre ter en conta que os materiais en suspensión destas balsas adoitan ter metais pesados. Cando se abandonan metais tóxicos no ambiente, contaminan o chan e acumúlanse nas plantas e os tecidos orgánicos. O perigo dos metais pesados é maior ao non ser química nin biolóxicamente degradables. Unha vez emitidos, poden permanecer no ambiente durante centos de anos.

O perigo dos metais pesados reside en que non poden ser degradados (nin química, nin biolóxicamente) e, ademais, tenden a bioacumularse e a biomagnificarse (que significa que se acumulan nos organismos vivos acadando concentracións maiores que a que alcanzan nos alimentos ou medioambiente, e que estas concentracións aumentan a medida que ascendemos na cadea trófica), provocando efectos tóxicos de moi diverso carácter. No ser humano detectáronse infinidade de efectos físicos (dores crónicas, problemas sanguíneos, etc) e efectos psíquicos (ansiedade, pasividade, etc). Ver: [https://www.miteco.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/atmosfera-y-calidad-del-aire/emisiones/prob-amb/metales\\_pesados.aspx](https://www.miteco.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/atmosfera-y-calidad-del-aire/emisiones/prob-amb/metales_pesados.aspx)

Por tanto estas balsas deberan catalogarse como balsas de residuos mineiros da Categoría A e por tanto, deberan contar con un sistema de xestión da seguridade e de emerxencias. Cómpre lembrar que estamos a falar de terreos húmidos que escoan pola súa propia configuración e non existe un estudo xeotécnico que demostre que as balsas se poden excavar sobre a rocha directamente como afirma a promotora. Por outra banda, en base ao principio de precaución e tendo en conta a presenza moi próxima de núcleos de poboación, fontes, cauces e brañas con presenza de turberias xa non debera permitirse esta actividade extractiva a ceo aberto.

Cómpre lembrar ademais que o período de retorno do caudal das balsas está previsto para 20 anos. Así prevese unha Balsa 1 (Fronte 1) con un volumen de 960 m<sup>3</sup>, unha balsa 2 (Fronte 2) con un volumen 1.575 m<sup>3</sup>, unha balsa 3 (Fronte 3) con un volumen e 960 m<sup>3</sup> e unha balsa 4 (fronte 4) con un volumen de 942 m<sup>3</sup>.

Un total de auga de 4.437 metros cúbicos almacenada en 12 balsas e partindo das previsións realizadas pola promotora, xa que en canto ás intensidades, unha choiva lixeira oscila entre 0,25 a 1 mm/hora, e unha choiva intensa ou torrencial excede os 20 mm./hora. As precipitacións que orixinan avenidas catastróficas son excepcionalmente intensas, ás veces máis de 200 mm nunha hora, e este aspecto non foi avaliado. A mercantil promotora non avalía o peor escenario posible. Cómpre lembrar ao respecto o desastre ambiental que no ano 2014 supuxo a rotura das balsas da canteira do Monte Neme en Carballo (A Coruña), a raíz precisamente de abandosas precipitacións e as concentracións anómalas de aluminio que contiñan estas augas, que tamén procedían da auga da choiva al igual que indica a promotora no proxecto.

#### **A necesidade da preceptiva avaliación de impacto ambiental do proxecto.**

A avaliación ambiental resulta indispensable para a protección do medio ambiente. Facilita a incorporación dos criterios de sustentabilidade na toma de decisións estratéxicas, a través da avaliación dos plans e programas. E a través da avaliación de proxectos, garante unha adecuada prevención dos impactos ambientais concretos que se poidan xerar, á vez que establece mecanismos eficaces de corrección ou compensación.

4.- A denegación do dereito mineiro solicitado xa que a solicitude e o proxecto presentado incumpren o artigo 26. 2 a Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia por:

a) A inadecuación da memoria e demais documentos presentados aos requisitos e condicións esixidos pola lexislación mineira.

b) A falta de acreditación da viabilidade dun aproveitamento racional dos recursos mineiros, en función da existencia de recurso natural mineral en cantidade e calidade.

c) O incumprimento dos requisitos subxectivos ou a insuficiente acreditación da solvencia económica ou técnica do solicitante.

d) A inadecuación á normativa sectorial, de carácter urbanístico, ambiental, agraria ou outra, debidamente acreditada no expediente.

Por outra banda NON CONSTA a renovación e prórroga dos permisos de investigación outorgados á mercantil promotora por periodos sucesivos nin que estes estén vixentes consonte ao artigo 30 da Lei 3/2008, e 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia e consonte ao disposto na lexislación xeral.

Non se acredita a viabilidade e solvencia económica e técnica da persoa solicitante polo que se incumpren os requisitos esixidos na lexislación mineira para poder ser titulares de dereitos mineiros (incumprimento do artigo 18 da Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia).

Muras, 11 de xaneiro de 2022

Asdo.- \_\_\_\_\_